

## NOTA DE PRENSA

2 de novembro de 2016

### Repsol e a súa Fundación convidan a descubrir o mundo da enerxía no MUNCYT

Enerxía, diversión, e ciencia únense nas actividades do programa didáctico "Vive a Enerxía" organizado por Repsol e a súa Fundación en colaboración co Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía (MUNCYT). Desde o 2 ao 6 de novembro os participantes, de todas as idades, poderán coñecer máis en profundidade o mundo da enerxía no MUNCYT da Coruña.

Do 2 ao 6 de novembro Repsol e a súa Fundación organizaron un completo programa de actividades que viran ao redor da divulgación de temas sobre ciencia e enerxía para todos os públicos.

Talleres para escolares e familias, xincanas, a exposición "**Repsol e a enerxía**", espectáculos científicos e un concurso de fotografía son algunhas das propostas para a semana **Vive a Enerxía**, unha actividade coa que Repsol, xunto coa súa Fundación, contribúe á divulgación da ciencia entre a sociedade, no marco do compromiso da compañía enerxética coa súa contorna.

O vicepresidente de Fundación Repsol, Ignacio Egea, xunto ao director da refinería de Repsol na Coruña, Luís Felipe Llamas, acompañados das Concelleiras de Arteixo, Celina Varela (Educación) e Ana Belo (Cultura), xunto á coordinadora do Muncyt, Ana María Correas, presentaron esta mañá as actividades Vive a Enerxía, nas que van participar preto de 1.500 estudantes de diferentes centros educativos da contorna da Coruña e a súa área de influencia.

O obxectivo destas xornadas é achegar o mundo da enerxía a todos os públicos e impulsar a ciencia, a investigación e a tecnoloxía, conceptos

que están no “ADN” de Repsol. Ademais do programa para escolares que se desenvolve desde o 2 ao 4 de novembro, durante o fin de semana tamén se poderá gozar das actividades, dedicadas durante eses días ao público xeral.

## Actividades para escolares

De mércores a venres pola mañá os escolares son os protagonistas dos **Talleres Aprendenerxía**. Nestas actividades, os participantes de primaria converteranse en “Petroquímicos por un día”, experimentando como a partir do petróleo pódense conseguir diferentes produtos moi comúns no día a día. Ademais, a través do xogo “O gran reto do mix enerxético”, os alumnos de secundaria terán que desempeñar as funcións de xestores e asegurar o abastecemento enerxético dunha cidade sustentable. Outra das actividades é a “Xincana da enerxía”, un xogo por equipos no que tanto os alumnos de secundaria como de primaria deberán ir superando probas que lles axudarán a entender a importancia de facer un uso responsable dos recursos enerxéticos para construír un futuro máis sustentable. Ademais, poderán asistir ao espectáculo “**Os segredos da enerxía intelixente**” no que a través de experimentos en directo darase resposta a preguntas como Que é a enerxía? Onde podemos atopala? e fará reflexionar sobre como ser máis eficientes.

Tamén poderán realizar unha visita guiada pola exposición “**Repsol e a enerxía**” na que descubrirán as diferentes fontes de enerxía, a súa transformación e o futuro da enerxía.

## Actividades durante o fin de semana

O sábado e o domingo, familias e público en xeral poderán gozar das mesmas actividades que os escolares. Os **Talleres Aprendenerxía** realizaranse por grupos de 30 persoas e terán unha duración de 30 minutos. Así mesmo, poderase visitar a exposición “**Repsol e a enerxía**” e acudir ao espectáculo científico.

No marco desta actividades, tamén se pon a proba a creatividade dos máis novos, co **concurso fotográfico Vive a Enerxía**, dirixido a mozos e mozas de entre 14 e 22 anos. As fotografías recibidas deberán reflectir diferentes formas de vivir a enerxía e o gañador darase a coñecer o 4 de novembro.

Ademais, do 2 ao 6 de novembro, **Aula Móbil, o mundo da enerxía** de Fundación Repsol estará aberta ao público na praza do Museo. O Aula Móbil é unha campaña de sensibilización educativa cuxo obxectivo é

difundir as actividades que se realizan nas refinerías e plantas petroquímicas, o uso do petróleo e os seus derivados, así como achegar o concepto de eficiencia enerxética ao público en xeral.

O programa **Vive a Enerxía** está organizado por Repsol e a súa Fundación en colaboración co Museo da Ciencia e a Tecnoloxía da Coruña.